



**Resolución relativa á convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de 01 de marzo de 2022, do IV Concurso de Podcasts – Radio na biblio, destinado a centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en colaboración coa Radio Galega (CRTVG), no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe).**

Con data 01 de marzo de 2022, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo pública a convocatoria do IV concurso de Podcasts-Radio na Biblio (en colaboración coa Radio Galega) destinado aos centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que traballan coa radio como ferramenta pedagóxica, integrados ou non no programa Radio na Biblio.

Tratábase de estimular, mediante o recoñecemento de boas experiencias, a elaboración de produtos radiofónicos enfocados a salientar a valoración da lingua materna, reforzar a lectura de poesía galega ou o achegamento ao mundo da edición, da tradución e da cultura galega no exilio, do que era coñecedor o autor homenaxeado nas Letras Galegas 2022, Florencio Delgado Gurriarán.

Reunido o xurado para a valoración dos traballos presentados, previsto no apartado 4 da devandita convocatoria, de acordo coa proposta formulada por este xurado, e de conformidade cos apartados primeiro, segundo, quinto e sexto do texto de referencia,

**RESOLVO:**

**Primeiro.** Facer pública a relación de centros que resultan galardoados no IV concurso de Podcasts-Radio na Biblio, trala selección do xurado na súa reunión do 09 de maio de 2022.

**Segundo.** Conceder os premios aos centros que se relacionan no Anexo I, polos traballos que se especifican nas distintas modalidades.

**Terceiro.** Asignar as contías que se sinalan no mesmo anexo I aos centros seleccionados, que deberán destinarse a melloras no equipamento e infraestrutura do laboratorio/emisora de radio ou para actividades relacionadas co funcionamento deste laboratorio de radio, sempre vinculado á Biblioteca do centro. Deste esta dirección xeral facilitarase un impreso para a xustificación correspondente.

**Cuarto.** Conforme ao previsto no apartado 4 da convocatoria, os podcasts premiados serán difundidos pola Radio Galega a través das súas páxinas [www.diariocultural.gal](http://www.diariocultural.gal); así mesmo, serán difundidos a través dos medios web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (web de Bibliotecas Escolares de Galicia e outros).

O alumnado implicado nos traballos seleccionados poderán visitar as instalacións da Radio Galega en Santiago de Compostela, tras o acordo previo con esta entidade, e sempre que a situación sanitaria o permita. Desde a Asesoría de bibliotecas escolares facilitaráselles o contacto pertinente, no seu caso. Da mesma forma, a Radio Galega poderá realizar entrevistas a algúns dos grupos responsables dos traballos seleccionados.

Santiago de Compostela, (sinatura dixital)  
O director Xeral de Centros e Recursos Humanos

*Jesús Manuel Álvarez Bértolo*





**ANEXO I – TRABALLOS SELECCIONADOS NO IV CONCURSO DE PODCASTS-RADIO NA BIBLIO**

Mod.	Definición	Código	Centro	Concello	Provincia	Podcast	Asignación
I	Alumnado de Educación Infantil e 1º/2º de Educación Primaria	15003054	CEIP Nicolás del Río	Cedeira	A Coruña	<i>Poemas crioulos</i>	1.000 €
II	Alumnado de 3º a 6º de Educación Primaria	15026765	CEIP Milladoiro	Malpica de Bergantiños	A Coruña	<i>Unha regueifa a Don Florencio</i>	1.000 €
		36018653	CEIP As Solanas-Nicolás Gutiérrez Campo	A Guarda	Pontevedra	<i>A treboada de Corgomófilo</i>	1.000 €
		36003959	CEIP Manuel Rodríguez Sinde	A Guarda	Pontevedra	<i>De volta en volta</i>	1.000 €
		36010711	CEP Dr. Fleming	Vigo	Pontevedra	<i>A hora de Galicia</i>	1.000 €
III	Alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria	15026421	IES P. Rafael Dieste	A Coruña	A Coruña	<i>A heroica vida de Florencio</i>	1.000 €
IV	Alumnado de BAC, ensinanza de Persoas Adultas ou Ciclos Formativos	15023132	EOI da Coruña	A Coruña	A Coruña	<i>Choiva ou plue – Florencio Delgado Gurriarán</i>	1.000 €
		36010733	CEE Saladino Cortizo	Vigo	Pontevedra	<i>Domadora de serpes</i>	1.000 €

